

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

SUMARIO:

Resolución do 26 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publica a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados polo persoal do corpo de mestres, convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 16 de novembro).

TEXTO:

En aplicación do disposto na base vixésimo novena da Orde do 8 de novembro de 2010 (DOG do 16 de novembro), esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro.- Facer pública a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados, convocado pola orde que se cita, ordenados por puntuación, segundo consta no anexo I, da presente resolución.

Segundo.- Facer pública a relación de excluídos no anexo II polas causas que se indican.

Terceiro.- Declarar en situación de expectativa de destino aos profesores que se relacionan no anexo III.

Cuarto.- No caso de que ata o 31 de agosto deste ano resultan suprimidos postos de traballo adxudicados pola presente resolución, se adxudiquen resultas inexistentes, ou estean afectados pola interposición de recursos derivados desta resolución, os destinos obtidos declararanse anulados. Os mestres afectados e que participan como forzosos, quedarán na situación de suprimidos con dereito preferente a localidade/zona na que se lle anula o posto de traballo obtido. Se participaron con carácter

voluntario adquirirán o dereito preferente á localidade ou localidades e zona na que se lle anula o posto de traballo obtido ou no que tiña acreditado o destino definitivo, á súa elección, sempre e cando a súa resulta non fora cuberta.

Quinto.- Para calquera aspecto non recollido nesta resolución, observarase o prescrito na Orde do 8 de novembro de 2010 e, en todo caso, ao establecido no real decreto 1364/2010, de 29 de outubro.

Contra a presente resolución que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme se establece nos capítulos II e III da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011
José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

INSIRASE NO DOG